



**PREVENCIÓN DA INFECCIÓN POLO VIRUS
SARS-CoV-2 NOS CEMITERIOS DA
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA
ANTE A FESTIVIDADE DE TODOS OS
SANTOS E DEFUNTOS**

Dirección Xeral de Saúde Pública





Este documento foi revisado pola Comisión Clínica para a Xestión da crise sanitaria do COVID-19 da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela 22 de outubro de 2020



1. Introducción

A COVID-19 é unha infección respiratoria emerxente causada polo SARS-CoV-2 (*severe acute respiratory syndrome coronavirus 2*), un coronavirus que se detectou por primeira vez en decembro de 2019 na cidade de Wuhan, China. Este abrocho inicial en Wuhan propagouse rapidamente, afectando a outras áreas de China e posteriormente a outros países, o que levou á Organización Mundial da Saúde (OMS) a declarar a pandemia mundial o día 11 de marzo.

Na actualidade, e tal e como se constata no estudo dos brotes producidos en Galicia, o ámbito no que estes se orixinan é predominantemente familiar e social.

Debido ao anterior, e tendo en conta que a festividade do Día de Defuntos e de Todos os Santos conleva a agrupación nos cemiterios de persoas nun corto período de tempo, moitas delas vulnerables, o desprazamento entre localidades e o consecuente encontro de unidades familiares de distintos ámbitos territoriais, faise necesario establecer unha serie de recomendacións que minimicen o risco de transmisión da infección polo SARS-CoV-2 neste tipo de recintos e especialmente durenta a celebración destas festividadeas.

As recomendacións reflectidas neste documento axustaranse á situación epidemiolóxica existente en cada momento na Comunidade Autónoma de Galicia.



2. Obxectivo

O obxectivo do documento é servir de guía para o establecemento das medidas necesarias para a prevención da infección polo SARS-CoV-2 nos cemiterios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Medidas de prevención da infección polo SARS-CoV-2

3.1. Medidas de protección persoal

Con respecto ás medidas de protección persoal, deberán manterse e reforzarse as seguintes medidas de precaución xerais, tanto por parte dos traballadores coma dos cidadáns que acodan aos cemiterios:

- Evitarase o contacto físico e cumprir a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersonal establecida polo Real Decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 de, alomenos 1,5 metros.
- Cumpriranse as medidas de limitacións de agrupacións de persoas establecidas polas autoridades sanitarias para o global de Galicia e aquelas que se adopten de maneira específica nos ámbitos territoriais nos que a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria faga necesario instaurar medidas máis restritivas.
- Seguirase a normativa vixente en Galicia en canto ao emprego obrigatorio de máscara cirúrxica/hixiénica.



- Segundo a Orde do 12 de agosto de 2020 sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, de 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade, non se poderá fumar na vía pública ou en espazos ao aire libre cando non se poda respectar unha distancia mínima interpersoal de, alomenos 2 metros.

- Realizarase unha adecuada hixiene de mans e hixiene respiratoria:
 - Lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón cando estean visiblemente suxas e despois de usar o inodoro. No resto de situacións poderanse empregar solucións/xeles hidroalcohólicos ou antisépticos con capacidade virucida.

 - Usar panos desbotables ao tusir ou esberrar e desbotalos nunha papeleira tras o seu uso. De non dispoñer de panos desbotables, cubrir a boca e o nariz coa flexura do cóbado.

 - Despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos que poideran estar contaminados, deberase realizar unha hixiene minuciosa das mans.

- Asegurarase a dispoñibilidade de dispensadores de solución/xel hidroalcohólico ou antisépticos con actividade virucida debidamente autorizados e rexistrados para uso dos traballadores e visitantes en distintos puntos do recinto, fundamentalmente nos de maior concurrencia (accesos, fontes ou puntos de auga, etc.).



3.2. Medidas organizativas

En relación ás medidas organizativas deberanse manter ou establecer aquelas que diminúen o risco de infección polo SARS-CoV-2, adaptándoas ao escenario epidemiolóxico existente en cada momento.

A situación epidemiolóxica actual, imposibilita a realización de misas de campaña nos cemiterios.

Por outro lado, establécense as seguintes recomendacións:

- Ampliar os horarios de apertura dos cemiterios co fin de espaciar as visitas e evitar aglomeracións, fundamentalmente naqueles casos nos que se proceda áo adecentamento dos nichos ou tumbas por parte dos familiares. Recoméndase fomentar esta actividade nos días previos ao 1 e 2 de novembro.
- Respetar un aforo máximo dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto, establecendo para tal fin, un sistema para o seu control. Este sistema de control deberá evitar o agrupamento de distintos grupos de visitas e permitir manter o distanciamento interpersoal nos puntos de entrada do recinto.
- De haber aseos, a súa ocupación máxima será dunha persoa para espazos de ata 4 metros cadrados, salvo naqueles supostos de persoas que podan precisar asistencia. Neste caso, tamén se permitirá a utilización do seu acompañante. Para aseos de máis de catro metros cadrados que contén con máis dunha cabina ou urinario, a ocupación máxima será do 50% do número de cabinas e urinarios que teña a estancia. Deberase establecer unha sistemática para controlar a afluencia a esa zona.



- Se os aseos dispoñen de extractor, este deberá manterse en funcionamento contínuo, de ser posible.
- Establecer un máximo de 4 persoas por grupo de visitas do mesmo grupo familiar/convivintes. A duración das visitas deberá ser o máis breve posible e en ningún caso, deberá ser superior a 30 minutos.
- Organizar a circulación de persoas dentro do cemiterio establecendo circuítos diferenciados de entrada e saída do mesmo. De ser posible, indicárase unha porta de entrada e outra diferente de saída.
- De existir aparcadoiro, organizarase evitando as aglomeracións de persoas no mesmo.

3.3. Medidas de limpeza e desinfección

- Estableceranse unha pauta de limpeza e desinfeccións daquelas superficies que podan se obxecto de contacto das mans dos visitantes (barandas, escaleiras, fontes, etc.).
- Os aseos deberán contar con dispensador de xabón e papel de secado (asegurando a reposición de consumibles en todo momento) e papeleira con apertura de accionamento non manual e dobre bolsa interior. En todo caso, evítanse as toallas non desbotables, incluso as de uso individual. Os aseos limpiáranse e desinfectáranse alomenos 2 veces por xornada, aumentando a periodicidade de ser necesario.
- Garantírase a existencia dun número adecuado de contedores para depositar os residuos xerados (flores, botellas, etc) que deberán estar abertos ou doutados de pedal de apertura. Co fin de evitar aglomeracións, os contenedores estarán o suficientemente espaciados.





3.4. Medidas de información

Un dos pilares básicos da prevención da infección é a adecuada información e formación da cidadanía. Así, faise necesario garantir a comunicación adecuada e continua da información actualizada sobre as medidas de prevención establecidas para diminuír o risco de transmisión da infección polo SARS-CoV-2.

Informarase destas medidas mediante o emprego de cartelería situada en lugares estratéxicos (entrada do recinto, lugares de maior tránsito, aseos, etc.). Incidirase na importancia da hixiene de mans e respiratoria, uso de máscaras cirúrxicas/hixiénicas, así como no mantemento das medidas de distanciamento interpersoal.

Así mesmo proporcionarase información acerca do horario de apertura do cemiterio, limitación do aforo, control de acceso e das limitacións establecidas para as visitas (grupo máximo de 4 persoas e duración máxima de 30 minutos) a través de tablóns oficiais, páxinas web, cartelería, etc.